

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3182 *Real decreto 198/2015, do 23 de marzo, polo que se desenvolve o artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas e se regula o canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica nas demarcacións intercomunitarias.*

O artigo 29 da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, modificou o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, mediante a incorporación dun artigo 112 bis no título IV que regula o réxime económico-financieiro da utilización do dominio público hidráulico, polo que se establece un novo canon aos bens de dominio público descritos no artigo 2.a) da mesma lei cando a súa utilización sexa a produción de enerxía hidroeléctrica.

O obxectivo da Lei 15/2012, do 27 de decembro, é harmonizar o noso sistema fiscal cun uso máis eficiente e respectuoso co ambiente e a sustentabilidade, valores que inspiran unha reforma da fiscalidade e, como tal, en liña cos principios básicos que rexen a política fiscal, enerxética e ambiental da Unión Europea. Para tal fin, incorpóranse tres novos impostos, modifícanse os tipos impositivos establecidos para o gas natural e o carbón utilizados na produción de enerxía eléctrica e créase o canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica, inseríndose no mencionado artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas.

Desde a aprobación da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario no ámbito da política de augas, que foi obxecto de transposición pola Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e modificou, entre outros aspectos, o réxime económico financieiro do auga, introdúcese o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa xestión das augas no noso ordenamento. Neste sentido dispónse, mediante a inserción do artigo 111 bis do texto refundido da Lei de augas, que as administracións públicas competentes, en virtude do principio de recuperación de custos e tendo en conta proxeccións económicas a longo prazo, establecerán os oportunos mecanismos para repercutir os custos dos servizos relacionados coa xestión da auga, incluíndo os custos ambientais e do recurso, nos diferentes usuarios finais. Por unha parte, o 2 % do recadado en cada confederación hidrográfica irá destinado a satisfacer as necesidades de protección e mellora que en cada caso entenda prioritarias o organismo de bacía. Por outra parte, o 98 % das cantidades recadadas por este canon, logo do seu ingreso no Tesouro público, será destinado igualmente á protección do dominio público hidráulico.

Actualmente, a calidade xeral das augas continentais españolas fai necesaria a súa protección co fin de salvagardar un dos recursos naturais imprescindibles para calquera actividade humana e necesarios para o desenvolvemento da sociedade. Neste sentido, débense reforzar as políticas de protección do dominio público hidráulico. Para tal fin, faise necesaria a obtención de recursos que deben ser achegados por aqueles que obteñen un beneficio da súa utilización privativa ou aproveitamento especial ao posibilitar a produción de enerxía eléctrica en centrais hidroeléctricas.

Consecuentemente, xunto coas catro exaccións vinculadas á auga previstas no texto refundido da Lei de augas nos artigos 112 a 114: o canon de utilización de bens de dominio público, o canon de control de vertedura que grava as verteduras ao dominio público hidráulico, o canon de regulación que grava o beneficio particular obtido por obras de regulación feitas polo Estado e a tarifa de utilización da auga que grava os beneficios particulares obtidos por obras do Estado distintas das de regulación; incorporouse mediante a referida Lei 15/2012, do 27 de decembro, o canon por utilización das augas

continentais para produción de enerxía eléctrica, cuxo desenvolvemento é o obxecto do presente real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro das disposicións derradeiras segunda e terceira da Lei 15/2012, do 27 de decembro. Por unha banda, a disposición derradeira segunda establece como título competencial o artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia sobre lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma. Por outra banda, a disposición derradeira terceira habilita o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei e, en particular, autorízase para modificar a forma de pagamento establecida no seu artigo 29, referido ao canon por utilización das augas continentais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do ministro de Facenda e Administracións Públicas e do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de marzo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica e ámbito de aplicación.*

A utilización e o aproveitamento dos bens de dominio público hidráulico a que se refire o artigo 2.a) do texto refundido da Lei de augas para a produción de enerxía eléctrica, medida en barras de central, estarán gravados cunha taxa denominada canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía eléctrica, destinada á protección e mellora do dominio público hidráulico.

O presente canon só será de aplicación nas bacías intercomunitarias.

Artigo 2. *Contribuíntes.*

Serán contribuíntes do canon por utilización de augas continentais para a produción de enerxía eléctrica os concesionarios da auga cuxo destino sexa a produción de enerxía hidroeléctrica.

Artigo 3. *Base imponible.*

A base imponible do canon será o valor económico da enerxía producida medida en barras de central, de acordo coa potencia definida no artigo 4.

Considerarase valor económico da enerxía producida a retribución total que obteña o contribuínte pola enerxía producida que incorpore ao sistema eléctrico durante cada ano natural –ou fracción de ano no primeiro e último ano da concesión– de funcionamento da instalación.

Para efectos do cálculo do valor económico teranse en conta as retribucións previstas en todos os réximes económicos que deriven do establecido na normativa reguladora do sector eléctrico e calcularase separadamente para cada instalación de xeración hidroeléctrica, sen prexuízo do indicado no artigo 4 respecto aos limiares de potencia a partir dos cales opera a redución prevista no artigo 112 bis.7 do texto refundido da Lei de augas.

A base imponible desta exacción virá determinada polo importe total dos dereitos de cobramento que figuren nas facturas de venda postas á disposición do suxeito da liquidación. Esta base imponible determinarase de acordo coa información obtida dos procesos de liquidación do operador do mercado, do operador do sistema e, se é o caso, do órgano encargado das liquidacións, incentivos e complementos de instalacións de produción de enerxía eléctrica con dereito a un réxime retributivo específico ou adicional

que aprobo o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, así como a achegada por cada contribuínte.

Artigo 4. *Potencia das instalacións hidroeléctricas.*

Para efectos de determinación dos limiares a partir dos cales opera a redución prevista no artigo 112 bis.7 do texto refundido da Lei de augas, enténdese por «instalación» a central hidroeléctrica e por «potencia da instalación» a suma das potencias dos grupos nela instalados, sen que se poida subdividir a potencia total de cada central incluída na concesión de augas para os efectos do canon en grupos de potencia individual inferior.

Entenderase por «potencia dos grupos», para efectos do previsto neste real decreto, a potencia instalada ou a potencia nominal que figure inscrita no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, establecido polo Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Cos mesmos efectos, nos trinta días naturais posteriores á entrada en vigor deste real decreto e actualizado anualmente antes do 1 de maio, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo remitirá ás confederacións hidrográficas a información certificada do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica relativa ao número de inscrición definitiva de cada instalación, á súa tecnoloxía, á potencia instalada e á potencia neta ou, se é o caso, á potencia nominal en megavatios (MW).

Artigo 5. *Obrigas de información.*

Red Eléctrica de España, S.A., como operador do sistema, facilitará directamente a cada organismo de bacía no ámbito que lle corresponda a facturación que, de acordo co establecido na disposición adicional terceira do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, documento a actividade produtiva dos titulares de instalacións xeradoras de enerxía hidroeléctrica de cuxa xestión é encargado, así como a información relativa á enerxía subministrada para o bombeo a estas sociedades titulares. Esta información desagregarase para cada unha das instalacións hidroeléctricas existentes na respectiva bacía.

Así mesmo, o operador do mercado facilitará directamente a cada organismo de bacía no ámbito que lle corresponda a facturación que, de acordo co establecido na disposición adicional terceira antes citada, documento a actividade de adquisición e venda de enerxía eléctrica dos titulares de instalacións xeradoras de enerxía hidroeléctrica que acoden ao mercado. Esta información desagregarase para cada unha das instalacións hidroeléctricas existentes na respectiva bacía e incluírá tamén as operacións que, aínda que sexan documentadas por filiais do operador do mercado ou terceiras habilitadas por este, resulten da aplicación de calquera outro mecanismo de mercado que poida dar lugar a ingresos, coa excepción das liquidacións que corresponda liquidar a outros órganos liquidadores.

Do mesmo modo, o órgano encargado das liquidacións do réxime retributivo específico ou adicional que corresponda segundo a normativa do sector eléctrico facilitará directamente ao organismo de bacía a información das operacións de liquidación que documenten os pagamentos que por liquidación do referido réxime económico lles debe liquidar o dito órgano a estas instalacións hidroeléctricas.

Ademais do anterior, o contribuínte deberá declarar os ingresos obtidos pola venda de enerxía a través doutras modalidades de contratación de acordo co disposto na normativa do sector eléctrico, como a contratación bilateral ou a prazo con entregas físicas, ou operacións similares que polas súas características quedan excluídas do sistema de ofertas do mercado diario e intradiario de electricidade.

En todos os casos, ademais do importe total da enerxía computada, tanto a subministrada ao sistema como a adquirida para facilitar, se é o caso, as operacións de bombeo, a información que se lles debe facilitar aos organismos de bacía expresará tamén

o número de megawatts por hora (MWh) subministrados ao sistema por cada instalación, así como, de maneira separada, os que se adquirisen para bombeo tamén por cada instalación.

Esta información facilitarase antes do 15 de marzo e corresponderá ao ano natural vencido.

Artigo 6. Desagregación da base impositiva nas instalacións de bombeo mixto.

A base impositiva total será o valor económico da enerxía producida medida en barras de central.

En todo caso, cando a instalación eléctrica suxeita teña a consideración de instalación de bombeo mixto, esta base impositiva desagregarase en dous valores que determinen qué parte da base impositiva corresponde ao valor económico da enerxía orixinada pola forza electromotriz directamente xerada pola auga encorada ou derivada procedente de correntes, escorremientos, surxencias ou nacementos e qué parte da dita base impositiva corresponde ao valor económico da enerxía orixinada pola forza electromotriz do auga previamente bombeada.

A base impositiva desagregada nos aproveitamentos de bombeo mixto calcularase utilizando as liquidacións correspondentes ao período de referencia que efectuase o operador do mercado, o operador do sistema e, de ser o caso, o órgano liquidador que corresponda de acordo coa normativa do sector eléctrico. Delas infírese a distribución da enerxía xerada directamente desde encoro e a xerada por bombeo –e polo tanto o seu valor– de acordo coas seguintes fórmulas:

$$WT = We + Wb$$

$$Wb = EB \cdot K$$

Onde:

We é a cantidade de enerxía producida mediante o turbinado directo da auga achegada aos encoros por correntes, escorremientos, surxencias ou nacementos, sexan ou non naturais.

Wb é a cantidade de enerxía producida mediante o turbinado da auga previamente bombeada.

WT é a cantidade de enerxía total producida na instalación no período de referencia.

EB é o consumo de bombeo entendido como a cantidade de enerxía consumida polo xerador para bombear a auga que permitiu a xeración.

K é o factor de corrección que compensa a diferenza entre o rendemento por bombeo e a enerxía consumida na elevación ao vaso superior. O seu valor será de 0,7.

Cofeídas as contías das producións enerxéticas, calculadas de acordo co presente artigo e expresadas en megawatts por hora (MWh), procedentes de turbinado directo e de bombeo na mesma instalación, procederase a determinar que importe do valor da enerxía producida corresponde a unha e a outra técnica, mediante a distribución da base impositiva total en proporción á cantidade de enerxía, expresada en megawatts por hora (MWh), producida por unha e outra tecnoloxía; considerarase para tal efecto que o valor unitario de cada unidade de enerxía, expresada en megawatts por hora (MWh), que retribuíu a produción foi igual para ambas as dúas enerxías no período correspondente.

Artigo 7. Tipo de gravame.

O tipo de gravame será do 22 por cento anual que se aplicará sobre a base impositiva.

Artigo 8. *Cálculo do canon.*

1. O importe do canon será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame do 22 por cento.

2. Nas instalacións hidroeléctricas de potencia igual ou inferior a 50 MW, segundo o establecido no artigo 4, o importe do canon reducirase nun noventa por cento.

3. Nas instalacións hidroeléctricas de produción de enerxía eléctrica de tecnoloxía hidráulica de bombeo e potencia superior a 50 MW, segundo o establecido no artigo 4, o importe do canon reducirase nun noventa por cento.

4. Nas instalacións de bombeo mixto con potencia superior a 50 MW, o importe do canon será a suma de:

a) Aplicarlle á parte de base imponible composta polo valor da enerxía procedente de turbinado directo desde o encoro o citado tipo de gravame do 22 por cento e

b) Aplicarlle á parte da base imponible composta polo valor da enerxía procedente de bombeo o citado 22 por cento e sobre o importe resultante da dita operación unha redución do 90 por cento.

5. Naquelas instalacións hidroeléctricas que, de conformidade coas previsións contidas no inciso final do artigo 112 bis.7 do texto refundido da Lei de augas, sexan obxecto de incentivo por razóns de política enerxética nacional, o importe do canon reducirase nun noventa por cento.

6. O período impositivo do canon coincidirá co ano natural ou coa fracción do ano transcorrido desde o inicio ou ao cesar da actividade.

Artigo 9. *Devindicación.*

A devindicación do canon producirase co outorgamento inicial e co mantemento anual da concesión de auga para a produción de enerxía hidroeléctrica.

Artigo 10. *Liquidación e pagamento.*

O mes de marzo de cada ano natural o contribuínte virá obrigado a autoliquidar o canon e ingresar a cota correspondente ao ano natural anterior, co obxecto de que puidese dispoñer para o seu cálculo das medicións definitivas da produción eléctrica. O primeiro exercicio en que deba realizar a autoliquidación farao pola parte proporcional correspondente ao período de tempo de vixencia da concesión durante ese primeiro ano.

De se produciren liquidacións da produción eléctrica de carácter definitivo por parte do operador do mercado, do operador do sistema ou do órgano encargado das liquidacións con posterioridade á data de autoliquidación do canon, o contribuínte estará obrigado a realizar unha autoliquidación complementaria nos tres meses seguintes á citada liquidación definitiva da produción.

Artigo 11. *Revisión.*

Os actos de comprobación e liquidación do canon son actos de natureza tributaria e, en consecuencia, seralles de aplicación o réxime de revisión en vía administrativa previsto para este tipo de actos no ordenamento vixente, e serán de plena aplicación as previsións contidas no artigo 115.2 do texto refundido da Lei de augas.

Artigo 12. *Ingreso do canon recadado.*

1. O importe da recadación ingresarase ao organismo de bacía en virtude do disposto no artigo 112 bis.8 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. Para estes efectos, terase en conta o establecido nos artigos 59.d), 63.3 e 67 do Real decreto 927/1988, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Administración pública da auga.

2. As devolucións, xuros e gastos que deriven da recadación e das decisións dos órganos administrativos e xurisdicionais que revisen os actos de aprobación e xestión realizaranse con cargo á conta do organismo na mesma proporción en que se distribúen os ingresos procedentes do canon segundo os números 3 e 4 seguintes. Así mesmo, a liquidación de xuros de demora ao contribuínte moroso, cando proceda, será realizada polo organismo de bacía e imputarase á mesma conta.

3. O 2 % do importe da recadación neta terá a consideración de ingresos do organismo de bacía.

4. O 98 % do importe da recadación neta ingresarase no Tesouro. Os orzamentos xerais do Estado destinarán a actuacións de protección e mellora do dominio público hidráulico, segundo o previsto no artigo 14, polo menos un importe igual á dita cantidade prevista. Para tal efecto, anualmente nas leis de orzamentos xerais do Estado determinaranse os proxectos de investimento que permitan garantir a protección e mellora do dominio público hidráulico.

5. No mes seguinte a aquel en que se efectúe a recadación, o organismo de bacía liquidará o saldo da conta resultante, ingresando o seu importe no Tesouro Público, e dará conta dos ingresos e gastos que motivaron o dito saldo á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Artigo 13. *Garantía de protección do dominio público.*

Para asegurar o cumprimento dos obxectivos ambientais establecidos na Directiva marco da auga e previstos no artigo 98 e seguintes do texto refundido da Lei de augas, e de conformidade co principio de recuperación de custos que se establece no artigo 111 bis do texto refundido da Lei de augas, os orzamentos xerais do Estado destinarán a actuacións de protección e mellora do dominio público hidráulico e das masas de auga afectadas polos aproveitamentos hidroeléctricos, polo menos, un importe igual á cantidade prevista no número 4 do artigo 12 anterior, de acordo co definido no artigo 14.

Artigo 14. *Protección e mellora do dominio público hidráulico.*

1. Para os efectos deste real decreto, entenderase por protección e mellora do dominio público hidráulico as actividades que debe realizar a Administración xeral do Estado con competencia na xestión das bacías que discorren por máis dunha comunidade autónoma, dirixidas a un triplo obxectivo: coñecer as presións sobre as masas de auga derivadas da actividade humana, corrixir o estado das masas de auga e a deterioración do dominio público hidráulico e desenvolver adecuadamente as funcións de control e vixilancia do dominio público hidráulico e de policía de augas.

2. Nas actividades enumeradas no punto anterior entenderanse comprendidas aquelas que permitan a xestión máis eficaz e sustentable do recurso, racionalizando a utilización do dominio público hidráulico.

3. Entenderanse como actividades dirixidas a cumprir os obxectivos indicados nos números 1 e 2, entre outras:

a) A medición, a análise e o control dos consumos de auga que se recoñecen nas concesións e figuran inscritos no Rexistro de Augas ou anotados no Catálogo de augas privadas.

b) As actividades de xestión destinadas a permitir a utilización do dominio público hidráulico polos particulares, que se concretan no réxime de autorizacións e declaracións responsables.

c) A modernización, o mantemento e a actualización do Rexistro de Augas.

d) A implantación e o desenvolvemento dos programas que permitan realizar a actualización e revisión das autorizacións e concesións de auga.

e) A vixilancia e o seguimento do grao de cumprimento do réxime de concesións e autorizacións do dominio público hidráulico, en particular das condicións impostas en cada caso, que se concreta en labores de apoio á policía de augas.

f) O seguimento e a vixilancia do estado das masas de auga, respecto da súa calidade e cantidade. Este seguimento concrétase nos programas de control e avaliación das augas superficiais e subterráneas e no mantemento e explotación das redes de control e seguimento do estado das masas de auga, así como o seguimento dos distintos plans e programas de depuración das augas residuais.

g) As actividades técnicas que permitan a adecuada delimitación e deslindamento dos leitos de dominio público hidráulico, as súas zonas asociadas e a cartografía de zonas inundables, así como o desenvolvemento das medidas de xestión dos riscos de inundación que son competencia dos organismos de bacía.

h) Actuacións de conservación e mellora dos leitos de dominio público hidráulico a través de actividades de mellora da continuidade fluvial, adaptación das estruturas á migración da ictiofauna e transporte de sedimentos, a recuperación do álveo dos leitos e do espazo fluvial, así como dos bosques de ribeira, e a loita contra especies invasoras que supoñan unha deterioración do estado do dominio público hidráulico.

i) Os traballos de actualización e revisión da planificación hidrolóxica da demarcación, en calquera das súas fases, na medida en que constitúen unha peza fundamental para a protección e mellora do dominio público hidráulico ao perseguiren o logro dos obxectivos ambientais descritos no artigo 92 bis do texto refundido da Lei de augas.

Disposición adicional primeira. *Revisión de concesións.*

De acordo co recollido na disposición transitoria primeira da Lei 15/2012, do 27 de decembro, a Administración competente en cada caso revisará para a súa adaptación as concesións administrativas que facultan na actualidade cada un dos aproveitamentos hidroeléctricos que estaban vixentes no momento da entrada en vigor da lei citada, para adaptalas ás previsións contidas no artigo 112 bis do texto refundido da Lei de augas, e dotará os departamentos ou organismos encargados da suficiencia de medios humanos e materiais para levar a cabo esta revisión.

Non obstante, os que sexan concesionarios de aproveitamentos hidroeléctricos no momento da entrada en vigor da citada lei virán obrigados ao pagamento do canon por utilización das augas continentais para a produción de enerxía hidroeléctrica desde o 1 de xaneiro de 2013. Mentres estas concesións sexan revisadas e se establezan entre as súas condicións os prazos para a exixencia do pagamento do canon, aplicaranse as previsións contidas no artigo 10 e na disposición transitoria segunda.

Disposición adicional segunda. *Modelos de autoliquidación do «Canon por utilización de augas continentais para a produción de enerxía eléctrica».*

Utilizarase o modelo 790 coas particularidades e datos que figuran como anexo a este real decreto.

Habílitase o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar, mediante orde, o contido do anexo e ditar as instrucións para a execución das autoliquidacións.

Disposición transitoria primeira. *Cálculo da base imponible e da liquidación como consecuencia da aplicación do previsto no número 2 da disposición transitoria terceira do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.*

Para os efectos da aplicación das liquidacións a que fai referencia o primeiro parágrafo do número 2 da disposición transitoria terceira do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, o organismo encargado da liquidación notificaralles aos respectivos organismos de bacía o importe das liquidacións practicadas ao abeiro do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, para calcular a base sobre a cal aplicar o canon nos meses que corresponda.

As liquidacións por diferenzas entre o réxime transitorio e o réxime de pagamentos resultante da metodoloxía establecida no Real decreto 413/2014, do 6 de xuño, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, aplicaranse ao cálculo da base do ano ou anos naturais en que estas liquidacións se produzan, sen que o seu resultado modifique a base impositiva e o importe do canon do ano ou anos anteriores en que se computaron os pagamentos á conta do réxime transitorio.

Disposición transitoria segunda. *Pagamentos correspondentes á produción dos anos 2013 e 2014.*

1. O disposto neste real decreto será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2013. Para estes efectos, a autoliquidación correspondente ao exercicio 2013 deberase presentar no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

2. Así mesmo, a autoliquidación correspondente ao exercicio 2014 deberase presentar no prazo máximo de vinte días desde que remate o prazo previsto no punto anterior.

3. De conformidade co artigo 12, no mes seguinte a aquel en que se efectúe a recadación, o organismo de bacía liquidará o saldo da conta resultante ingresando o seu importe no Tesouro Público e dará conta dos ingresos e gastos que motivaron o dito saldo á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4. As obrigas de información correspondentes aos anos 2013 e 2014 previstas no artigo 5 deste real decreto deberanse realizar no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica.*

Antes do 1 de xaneiro de 2016, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo revisará os datos de potencia instalada e nominal dos produtores de enerxía hidroeléctrica que figuran no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.22.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia sobre lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto.*

Habílanse os titulares dos ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Facenda e Administracións Públicas, e Industria, Enerxía e Turismo para, no ámbito das súas competencias, ditaren as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO

CANON POR UTILIZACIÓN DAS AUGAS CONTINENTAIS PARA A PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA NAS DEMARCAÇÕES INTERCOMUNITARIAS

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA (1) Código centro xestor:	CANON POR UTILIZACIÓN DAS AUGAS CONTINENTAIS PARA A PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA NAS DEMARCAÇÕES INTERCOMUNITARIAS AUTOLIQUIDACIÓN	MODELO 790
---	---	-----------------------------

IDENTIFICACIÓN DO CONTRIBUÍNTE

NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CORREO ELECTRÓNICO				
RUA/PZA/AVDA.	NOME VIA PÚBLICA	NÚMERO	ESC.	PISO	PORTA	TELÉFONO
MUNICIPIO	LOCALIDADE				CÓD. POSTAL	

IDENTIFICACIÓN DO APROVEITAMENTO

(2) NUM. APROVEITAMENTO	SECCIÓN/ TOMO/ FOLLA	(3) NUM. INSCRICIÓN	DATA DE INSCRICIÓN
(4) Nº CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS ASOCIADAS A CONCESIÓN			

AUTOLIQUIDACIÓN

PRINCIPAL	(11) COMPLEMENTARIA	EXERCICIO	(12) PERÍODO
-----------	---------------------	-----------	--------------

IMPORTE DO CANON DE CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS CONVENCIONAIS E DE CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS DE BOMBEO PURO

(5) DENOMINACIÓN CENTRAL HIDROELÉCTRICA	(13) ENERXÍA PRODUCIDA (MWh)	(14) BASE IMPOÑIBLE (€)	IMPORTE DO CANON (€)	IMPORTE DO CANON CON DEREITO A REDUCCIÓN (€)

IMPORTE DO CANON DE CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS BOMBEO MIXTO

(5) DENOMINACIÓN CENTRAL HIDROELÉCTRICA	(15) WE (MWh)	(16) WB (MWh)	(17) BASE IMPOÑIBLE WE (€)	(18) IMPORTE CANON WE (€)	(19) BASE IMPOÑIBLE WB (€)	(20) IMPORTE CANON WB (€)	(21) IMPORTE DO CANON WB CON DEREITO A REDUCCIÓN (€)	(22) IMPORTE TOTAL CANON (€)

IMPORTE TOTAL DO CANON (€)	
-----------------------------------	--

DECLARANTE

DATA	INGRESO EFECTUADO (€)		
SINATURA	FORMA DE PAGAMENTO	EFFECTIVO	CARGO EN CONTA
	CÓDIGO CONTA CORRIENTE		

TÁBOA 1

CARACTERIZACIÓN DE CADA CENTRAL HIDROELÉCTRICA

(5) DENOMINACIÓN	(6) Nº GRUPOS
(7) TIPO	
TERMO MUNICIPAL	PROVINCIA
(8) NOME UNIDADE PRODUCCIÓN	(9) POTENCIA (MW)
POTENCIA TOTAL CENTRAL HIDROELÉCTRICA (MW)	
(10) DEREITO A REDUCCIÓN	SI NON

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O FORMULARIO

1. Código do centro xestor

Código	Confederación Hidrográfica	Código	Confederación Hidrográfica
01	Confederación Hidrográfica do Cantábrico	06	Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
02	Confederación Hidrográfica do Douro	07	Confederación Hidrográfica do Segura
03	Confederación Hidrográfica do Texo	08	Confederación Hidrográfica do Xúcar
04	Confederación Hidrográfica do Guadiana	09	Confederación Hidrográfica do Ebro
05	Confederación Hidrográfica do Guadalquivir		

2. Número de aproveitamento inscrito no libro de inscricións do Rexistro de Augas

3. Número de inscrición do Rexistro de Augas Electrónico, se o tiver.

4. Identificarase o número de centrais hidroeléctricas ou instalacións que forman parte dunha única concesión.

Cada central hidroeléctrica identificada deberase caracterizar na táboa 1. Presentaranse tantas táboas 1 como centrais hidroeléctricas formen parte da concesión.

Haberá que ter en conta que por central hidroeléctrica se entende a instalación física asociada a un único salto ou desnivel que permite xerar enerxía.

5. Nome polo cal se coñece a central hidroeléctrica ou o xenérico do conxunto de unidades de produción do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica asociadas a unha única central hidroeléctrica.

6. Número de grupos xeradores instalados na central hidroeléctrica, coincidente co número de unidades de produción do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica asociadas a unha única central hidroeléctrica.

7.

- Fluente
- Con regulación
- Bombeo puro
- Bombeo mixto

8. Nome de cada unidade de produción do Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica asociada a unha única central hidroeléctrica.

9. Potencia instalada ou potencia nominal que figure inscrita no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica.

10. Marcar se ten dereito a redución segundo os artigos 4 e 8 do real decreto de acordo coa suma das potencias dos grupos instalados en cada central hidroeléctrica.

11. De acordo co artigo 10, realizarase autoliquidación complementaria nos tres meses seguintes a que se produza unha liquidación de produción eléctrica de carácter definitivo por parte dalgún axente con posterioridade á data de autoliquidación.

12. Período de tempo de vixencia da concesión cando non coincida cun ano completo.

13. Enerxía producida por cada central hidroeléctrica no exercicio que se liquida.

Este valor poderá ser posteriormente inspeccionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o organismo que teña coñecemento fidedigno deste valor e llelo subministre ás confederacións hidrográficas de acordo co real decreto subministrará estes valores aos organismos de bacía ou á Axencia de acordo co establecido no real decreto.

14. Valor económico da enerxía producida e retribuída nos réximes económicos que lle sexan de aplicación, determinado polo importe total dos dereitos de cobramento que figuren nas facturas de venda postas á disposición do declarante.

Este valor poderá ser posteriormente inspeccionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o organismo que teña coñecemento fidedigno deste valor e llelo subministre ás confederacións hidrográficas de acordo co real decreto subministrará estes valores aos organismos de bacía ou á Axencia de acordo co establecido no real decreto.

15. Enerxía producida mediante o turbinado directo da auga achegada aos encoros por correntes, escorrementos, surxencias ou nacementos, sexan ou non naturais, calculada mediante inferencia de acordo co establecido no artigo 6 do real decreto.

Este valor poderá ser posteriormente inspeccionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o organismo que teña coñecemento fidedigno deste valor e llelo subministre ás confederacións hidrográficas de acordo co real decreto subministrará os datos necesarios para o seu cálculo aos organismos de bacía ou á Axencia de acordo co establecido no real decreto.

16. Enerxía producida mediante o turbinado da auga previamente bombeada, calculada de acordo coa fórmula establecida no artigo 6 do real decreto.

Este valor poderá ser posteriormente inspeccionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o organismo que teña coñecemento fidedigno deste valor e llelo subministre ás confederacións hidrográficas de acordo co real decreto subministrará os datos necesarios para o seu cálculo aos organismos de bacía ou á Axencia de acordo co establecido no real decreto.

17. Valor económico da enerxía producida mediante o turbinado directo da auga achegada aos encoros por correntes, escorrementos, surxencias ou nacementos, sexan ou non naturais, e retribuída nos réximes económicos que lle sexan de aplicación, determinado polo importe total dos dereitos de cobramento que figuren nas facturas de venda postas á disposición do declarante.

Este valor poderá ser posteriormente inspeccionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o organismo que teña coñecemento fidedigno deste valor e llelo subministre ás confederacións hidrográficas de acordo co real decreto subministrará estes valores aos organismos de bacía ou á Axencia de acordo co establecido no real decreto.

18. Aplicación do tipo de gravame do 22% ao valor económico da enerxía producida mediante o turbinado directo da auga achegada aos encoros por correntes, escoramentos, surxencias ou nacementos, sexan ou non naturais.

19. Valor económico da enerxía producida mediante o turbinado da auga previamente bombeada e retribuída nos réximes económicos que lle sexan de aplicación, determinado polo importe total dos dereitos de cobramento que figuren nas facturas de venda postas á disposición do declarante.

Este valor poderá ser posteriormente inspeccionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, para o cal o organismo que teña coñecemento fidedigno deste valor e llelo subministre ás confederacións hidrográficas de acordo co real decreto subministrará estes valores aos organismos de bacía ou á Axencia de acordo co establecido no real decreto.

20. Aplicación do tipo de gravame do 22% ao valor económico da enerxía producida mediante o turbinado da auga previamente bombeada.

21. Se tiver dereito a redución no importe do canon de acordo co artigo 8 do real decreto, aplicarase a redución sobre o valor obtido en (20).

22. Suma dos valores obtidos en (18) e (20) ou (21).